

**SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): X5CR568RQV2VWVW5U



**SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. Luis Antonio Gómez Piña, quen actúa no nome e na representación do Concello da Cañiza, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### **EXPOÑEN**

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial, adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza, con destino á execución da actuación denominada “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).



II. O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).

III. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000062 de 11/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración, que se asinou o día 13/01/2022. O dito convenio ten por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes (expte. 2021039818).

IV. A cláusula Segunda do referido convenio, relativa ao financiamento, establece o seguinte: *“O custo total da actuación ascende a seiscentos oitenta e nove mil corenta e oito euros con noventa e cinco céntimos (689.048,95€).*

*Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima de cincocentos mil setecentos setenta e seis euros con dezaseis céntimos (500.776,16€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 72,68%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75 do vixente orzamento provincial.*

*Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de cento oitenta e oito mil douscentos setenta e dous euros con setenta e nove céntimos (188.272,79€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 27,32%, que será financiada contra a correspondente aplicación do orzamento do concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter”.*

V. Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (expte. 2022001119).

VI. Na data 08/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 678.713,21€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 10.335,74€ (1,5%), formalizándose o contrato administrativo o 11/02/2022.

VII. Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro REX\_2022021724 e REX\_2022021725), entre outros documentos, a solicitude de modificación do contrato de obras do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina da Cañiza, presentada pola dirección de obra (motivada na aparición de causas imprevistas durante a execución dos traballos), o proxecto modificado e a certificación do acordo de aprobación do proxecto modificado. O orzamento de licitación do novo proxecto ascende a 826.733,95€ e o de adxudicación a 814.332,96€, aplicando a porcentaxe de adxudicación inicial, o que supón un incremento de 135.619,75€ sobre o proxecto inicial adxudicado (incremento que resulta ser superior á baixa xerada coa adxudicación da obra). Na data 19/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. REX\_2022021902, emendado con núm. REX\_WEB2022049925) o



compromiso de financiar, con recursos propios, o importe da modificación que non poida ser financiado co importe da baixa de adxudicación.

VIII. A cláusula Quinta do convenio, relativa á súa modificación, establece que “O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.

*A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmarse a correspondente addenda.*

*A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación”.*

IX. O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra sinala que, salvo que na resolución da concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida por aplicación dos criterios de concesión. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instructor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.

X. Na data 30/09/2022 o Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 6.7859 (CSV: RP2NCB8WHBJXXF9X), aproba o proxecto modificado, tendo en conta as novas obrigas económicas en relación ao orzamento da actuación, o importe da subvención e o importe a cofinanciar.

XI. Mediante a resolución presidencial núm. RP2022008253, de 17/11/2022, apróbase a correspondente addenda ao convenio, a cal se asinou o día 15/12/2022, e na que se establece o seguinte cadro de financiamento:

<b>Orzamento (adxudicación proxecto modificado)</b>	<b>814.332,96€</b>
Programa ReacPon	500.776,16€
Plan Concellos 2022-2023	188.272,79€
Achega municipal	125.284,01€



XII. Posteriormente, para dar cumprimento ao establecido nas Bases reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello comunica á Deputación a notificación da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha subvención de 727.678,69€ (689.633,87€ de execución de obra e 38.044,82€ de honorarios técnicos) para a mesma actuación do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA), dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP Local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR). A partida de honorarios non se inclúe na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon.

XIII. Á vista da obtención da nova subvención ministerial, e mantendo as porcentaxes recollidas na addenda ao convenio, mediante o acordo do Pleno provincial núm. 3.7922, do 27/01/2023, aprobouse a modificación do acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, de concesión da subvención para reaxustar o financiamento da actuación, de conformidade coa seguinte táboa:

<b>Orzamento (adxudicación proxecto modificado)</b>	<b>814.332,96€</b>
Programa ReacPon	76.684,03€
Plan Concellos 2022-2023	28.830,28€
Achega municipal	19.184,78€
MITMA (subvención PIREP Local sen honorarios)	689.633,87€

XIV. Así mesmo, a cláusula Décima Primeira do convenio, relativa á vixencia, recolle que *“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2023.”*

XV. No mesmo Pleno do 27/01/2023, adoptouse o acordo núm. 7.7926 polo que se prorroga o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación ata o 31/05/2024.

XVI. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha segunda addenda, para adaptar o texto do convenio asinado o 13/01/2022, e modificado pola addenda asinada o 15/12/2022, ás novas condicións establecidas nos anteditos acordos do Pleno do 27/01/2023, con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS





## PRIMEIRA. FINANCIAMENTO

As partes acordan modificar novamente a cláusula Segunda do convenio, relativa ao financiamento da actuación denominada “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” no marco do Programa ReacPon, por un reaxuste no cadro de financiamento, e quedando redactada do seguinte xeito:

*“O custo total da actuación ascende a oitocentos catorce mil trescentos trinta e dous euros con noventa e seis céntimos (814.332,96€).*

*A subvención do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) ascende a seiscentos oitenta e nove mil seiscentos trinta e tres euros con oitenta e sete céntimos (689.633,87€), polo que a cantidade restante a cofinanciar entre a Deputación e o Concello ascende a cento vinte e catro mil seiscentos noventa e nove euros con nove céntimos (124.699,09€).*

*Deste último importe, a Deputación financiará unha contía máxima de setenta e seis mil seiscentos oitenta e catro euros con tres céntimos (76.684,03€), que supón unha porcentaxe do 61,50%.*

*Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante, o que supón unha contía de corenta e oito mil quince euros con seis céntimos (48.015,06€) e unha porcentaxe do 38,50%, dos que vinte e oito mil oitocentos trinta euros con vinte e oito céntimos (28.830,28€) financiaranse coa subvención concedida pola Deputación con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 e dezanove mil cento oitenta e catro euros con setenta e oito céntimos (19.184,78€) con cargo á correspondente aplicación do orzamento do Concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.*

O financiamento da actuación recóllese no seguinte cadro:

<b>Orzamento (adxudicación proxecto modificado)</b>	<b>814.332,96€</b>
Programa ReacPon	76.684,03€
Plan Concellos 2022-2023	28.830,28€
Achega municipal	19.184,78€
MITMA (subvención PIREP Local sen honorarios)	689.633,87€

## SEGUNDA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

*“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de decembro de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de maio de 2024.”*



### TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do convenio asinado o 13/01/2022, e modificado pola addenda asinada o 15/12/2022, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a segunda addenda na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego

O alcalde-presidente do Concello da Cañiza, D. Luis Antonio Gómez Piña

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay